

## **RESOLUCIÓN DO 2 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE MODIFICA UN APARTADO DAS BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA IACOBUS PATENTES 2024-2025**

A dirección da Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, entidade xestora do Programa IACOBUS, acordou:

- Modificar o apartado 3.1 das bases da Convocatoria do Programa IACOBUS para admitir, tamén, as patentes que teñan sido presentadas perante o Instituto Europeo de Patentes (IES) ou a Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI).

O apartado quedará, entón, redactado da seguinte forma:

“Os requisitos necesarios da patente ou solicitude de patente para poder presentar a candidatura por parte dos solicitantes son (unha opción das dúas):

- Ou que teñan un certificado – título de rexistro dunha patente europea ou internacional (vía PCT), presentada perante as oficinas nacionais ou rexionais de patentes de España ou Portugal; o Instituto Europeo de Patentes (IES) ou a Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI), no marco de procedementos de concesión de patentes, e incluíndo, polo menos, ámbolos dous países no ámbito xeográfico de protección, con data de publicación entre o 1 de novembro de 2022 e o 30 novembro de 2024.
- Ou que teñan solicitado os trámites de concesión dunha patente europea ou internacional (vía PCT) perante as oficinas nacionais ou rexionais de patentes de España ou Portugal; o Instituto Europeo de Patentes (IES) ou a Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI), no marco de procedementos de concesión de patentes, e incluíndo, polo menos, ámbolos dous países no ámbito xeográfico de protección, con data de presentación das solicitudes entre o 1 de novembro de 2022 e o 30 novembro de 2024.”

Ou resto da convocatoria manteranse tal e como recollen as bases publicadas o 25 de novembro de 2024.

Vigo, 2 de decembro de 2024.

